

ACTA DA REVISIÓN DO EXAME DO PRIMEIRO EJERCICIO DO PROCESO SELECTIVO MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE OFICIAL LECTOR/A DE CONTADORES, PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE, RESERVADA A DISCAPACITADOS/AS, QUE SE REXERÁ TANTO POLAS BASES ESPECIFICAS APROBADAS POR ACORDO 19/716 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE LUGO NA SESIÓN DO 22.11.2017 COMO POLAS “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS/AS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA LIBRE, APROBADAS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 18 DE XUÑO DE 2008 E MODIFICADAS POLO CITADO ÓRGANO NAS SESIÓNS DO 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014 E 22.03.2017

Sendo ás 9,15 horas da mañá do día 6 de maio de 2.019, na Casa Consistorial de Lugo, sita na Praza Maior nº 1 de Lugo, reúnese o Tribunal cualificador da convocatoria do proceso selectivo mediante o sistema de oposición para o acceso en propiedade a unha praza de oficial lector/a de contadores, pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, reservada a discapacitados/as, coa asistencia dos seguintes membros do mesmo que se citan a continuación, co fin de resolver as reclamacións presentadas por don Juan Carlos Perez Martinez a través de escritos de datas 16 e 25 de abril de 2019 e por dona Lucía Núñez González a traves do escrito presentado o día 25 de abril de 2019

Presidente: Don Pablo Fuentes Failde, Funcionario de Carreira A1 do Excmo. Concello de Lugo.

Vogales: Dona M^a. del Carmen Rozas Bello, Funcionaria de Carreira A2 do Excmo. Concello de Lugo.

Don Miguel Angel Negral Fernández, Funcionario de Carreira A1 do Excmo. Concello de Lugo.

Don Gerardo Gayoso Somoza, Encargado do Taller de Augas do Excmo. Concello de Lugo.

Secretario: Don Justo Díaz Rodríguez (Secretario xeral do Pleno).

O Tribunal por unanimidade acorda:

Primeiro.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas por Don Juan Carlos Pérez Martínez no escrito presentado con rexistro de entrada neste Concello o día 16 de abril de 2019, en concreto, no apartado relativo a a anulación da pregunta

SECRETARIO XERAL DO PLENO

JDR

Refª: Revisión 1º exercicio lector contador

Asunto: Acta revisión do primeiro exercicio do proceso selectivo Lector Contador

número 3 do referido examen, dado que o enunciado da mesma daba a posibilidade de dúas respostas correctas, polo que se procedeu a substituír a devandita pregunta pola primeira pregunta de reserva.

E desestimar as restantes alegacións/reclamacións presentadas polo citado opositor, en concreto, a relativa a pregunta número 6, dado que todos os aspirantes do referido proceso selectivo tiveron a posibilidade de solicitar a oportuna información ante o Servizo de Enxenería sobre o trazado da rede de suministro de auga municipal, máxime tendo en conta que esta era materia sobre a que versaba o devandito proceso selectivo.

Xuntase copia do exame e da plantilla de respostas correctas que foron solicitadas polo citado opositor.

Segundo.- Desestimar as alegacións/reclamacións presentadas polo citada opositora, en concreto, as relativas a preguntas número 6 e 7 dado que os enunciados das referidas preguntas se atopan formuladas correctamente, sendo as respostas correctas da pregunta número 6 a “ b)” e da pregunta número 7 a “ b)”.

Polo que atinxe a pregunta número 3, esta foi anulada por este Tribunal dado que o enunciado da mesma daba a posibilidade de dúas respostas correctas, polo que se procedeu a substituír a devandita pregunta pola primeira pregunta de reserva.

Xuntase copia da plantilla de respostas correctas.

Terceiro.- Revisados novamente os exámenes do primeiro exercicio teórico realizado polos opositores do proceso selectivo mediante o sistema de oposición para o acceso en propiedade a unha praza de oficial lector/a de contadores, pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, reservada a discapacitados/as, este Tribunal procedeu a asignación da seguinte puntuación os opositores que superaron o primeiro exercicio:

- José Díaz Gómez : 6,834 puntos.
- Mª. Del Carmen Ozores Vigide. 5,33 puntos.

Cuarto- O Tribunal acorda convocar para o próximo día 10 de maio de 2019, as 10 horas, as aspirantes, para a realización do segundo exercicio práctico, que terá lugar no Sala de reunións sita no terceiro andar do Edificio Administrativo do Concello de Lugo, sito na Rona da Muralla nº 197 de Lugo.

A devandita proba consistirá en realizar, durante un periodo máximo de 2 horas, un suposto práctico que formulará o tribunal inmediatamente antes do



SECRETARIO XERAL DO PLENO

JDR

Refª: Revisión 1º exercicio lector contador

Asunto: Acta revisión do primeiro exercicio do proceso selectivo Lector Contador

comenzo do exercicio, e que estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza destas prazas.

E para que así conste e surta os efectos legais oportunos, se levanta a presente Acta ás 9,45 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por todos os membros do Tribunal, de cuxo acto este Secretario certifico.

O Presidente do Tribunal.

Asdo.: Pablo Fuentes Failde.

O Secretario do Tribunal.

Asdo.: Justo Díaz Rodríguez.

Vogal.

Asdo.: M^a del Carmen Rozas Bello.

Vogal.

Asdo.: Miguel Angel Negral Fernández.

Vogal.

Asdo.: Gerardo Gayoso Somoza.

